

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2021.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous de setembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**1. FACENDA LOCAL.-** Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra a liquidación núm. 9979449 (150/2020), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, polas obras de legalización de cuberta de terrazas para ampliación de planta quinta no edificio sito na rúa Montirón, 82-84.

### **ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**

**2. SERVIZOS SOCIAIS.-** Acórdase aprobar a subvención directa excepcional do ano 2021 a Cáritas Diocesana de Lugo, R-2701016-D, para a financiación do programa de cobertura de necesidades básicas a persoas en situación de vulnerabilidade social derivada do covid 19. importe: 4.000€.

### **ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**3. INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.-** Acórdase a inclusión de altas no rexistro de persoas vendedoras no Mercado tradicional do ano 2021.

### **ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**4. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a aprobación da licenza urbanística para cambio de uso de local comercial a garaxe-aparcamento privado en grado 1º con 31 plazas en planta baixa e 17 plazas en entreplanta, con modificacións no sistema estrutural, no edificio da rúa do Franco, números 6-8-10, (expte: 2021/Y001/000234).

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac7261219196542394782.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-9-2021

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2021 en relación coa licenza urbanística para rehabilitación e reforma de edificacións tradicionais en o hospital, número 14, San Pedro de Arriba, (expte: 2021/Y001/000247).

Tamén se acorda desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 28 de xullo de 2021 de licenza urbanística para ampliación e reforma integral de vivanda unifamiliar en ringleira, na rúa Carpaza, número 6 (expte: 2021/Y001/000242).

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para reaxuste da superficie real do terreo, modificación de distribucións e modificación de ocos de fachada en edificio de vivendas, con licenza número 13/2020, composto de planta baixa para 25 prazas de garaxe, 17 rochos, cuartos de instalacións, un local comercial e cinco plantas altas e ático para 17 vivendas, na rúa Castelao, números 50, 52 e 54, (expte: 2021/Y001/000193); para a demolición dunha nave industrial, na rúa da Industria, número 26 (expte: 2021/Y001/000187) e para instalación de ascensor en edificio con licenza número 98/72, sito na rúa Roi Xordo, número 3 (expte: 2020/Y001/000099).

Acórdase desestimar o recurso de reposición interposto contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 16 de xuño de 2021, en relación coa licenza urbanística para rehabilitación de edificación existente no núcleo rural tradicional de Campos-Corral de Abaixo-Corral de Arriba, parroquia de Pías (expte: 311/18).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para demolición dunha nave industrial, na rúa dos Canteiros, número 16 (expte: 2021/Y001/000210).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**